



---

**2023**

---

## **FGM COPA GALEGA DE ENDURO INFANTIL**

### **REGULAMENTO DEPORTIVO E TÉCNICO**



## **INDICE DE MATERIAS**

- 1 REGULAMENTO XERAL RFME COPA GALEGA ENDURO INFANTIL
- 2 REGLAMENTO ESPECIFICO FGM COPA GALEGA DE ENDURO INFANTIL

### **REGULAMENTO XERAL 2023**

#### **XENERALIDADES**

- 06.1 Xeneralidades.
- 06.2 Percorrido.
- 06.3 Publicación do Regulamento Particular.
- 06.4 Control.
- 06.5 Trofeos.
- 06.6 Clasificación.
- 06.7 Parada anticipada da proba.

#### **INSCRICIONS**

- 06.8 Licenzas dos Pilotos e seus Mochileiros.
- 06.9 Número de Inscricións.
- 06.10 Data feche das inscricións.

#### **CATEGORÍA E ESPECIFICACIONES DAS MOTOCICLETAS**

- 06.11 Clases.
- 06.13 Órganos intrínsecos da motocicleta.
- 06.14 Control das motocicletas durante a manifestación.

#### **ORGANIZACIÓN XERAL**

- 06.15 Sustitución de motocicletas.
- 06.16 Parques fechados.
- 06.17 Zona de Saída.
- 06.18 Orden de Saída.
- 06.19 Preparación para a saída.
- 06.20 Saída.
- 06.21 Repostaxe.
- 06.22 Prohibición de recurrir a unha forza motriz exterior.
- 06.23 Axuda exterior.
- 06.25 Abandono.
- 06.26 Señalización.
- 06.27 Código da Circulación.
- 06.28 Seguro (R.C.).
- 06.29 Secciones impracticables.

#### **FUNCIONAMIENTO E CONTROL**

- 06.30 Controis Horarios.
- 06.31 Cronometraxe.
- 06.32 Carnet de Ruta e F de Controis de Paso.
- 06.33 Señalización dos Controis Horarios.
- 06.34 Disposicións nos Controis Horarios.
- 06.36 Cálculo das penalizacións nos Controis Horarios.
- 06.37. Límite de retrasos.
- 06.38 Solicitudes de tolerancias especiais.
- 06.39 Control durante o percorrido.
- 06.40 Probas especiais.
- 06.41 Controis horarios nos Test Especiais.
- 06.43 Verificación final.
- 06.44 Lista de penalizacións.

## **REGULAMENTACIÓN XERAL**

- 06.45 Aceptación das decisións oficiais.
- 06.46 Solicitudes de aclaracións.
- 06.47 Reclamacións.
- 06.48 Multas e fianzas de reclamacións.
- 06.49 Composición do Xurado. Interpretación do Regulamento.
- 06.49.1 Xurado. Composición.
- 06.49.2 O Presidente do Xurado.
- 06.49.3 O Director dla Competición.
- 06.50 Publicación Resultados.

## Obrigas e Condicións Xerais

Todo-los pilotos, o persoal dos equipos, os oficiais, organizadores, así como toda-las persoas que polas súas atribucións estean implicadas na competición da FGM Copa Galega de Enduro Infantil comprométese, no seu nome e no nome dos seus representantes e empregados, a respectar toda-las disposicións de:

- 1 REGULAMENTOS DEPORTIVOS
- 2 REGULAMENTOS TÉCNICOS
- 3 REGULAMENTO DE DISCIPLINA DEPORTIVA

Que son completados e modificados periódicamente.

Toda-las persoas anteriormente mencionadas poden ser sancionadas conforme ás disposicións do Regulamento da FGM Copa Galega de Enduro Infantil (denominado a partir de agora (Regulamento))

As referencias ao xénero masculino nestes documentos fanse unicamente con fines de simplicidade, e refírense tamén ao xénero feminino, excepto cando o contexto requira outra interpretación.

Corresponde ao piloto e seu equipo a responsabilidade de asegurar que todas as persoas vinculadas teñen o compromiso de respectar toda-las normas dos regulamentos. A responsabilidade dos pilotos, ou calquera outra persoa que se ocupe dunha motocicleta inscrita na competición, no concerne a respectar os Regulamentos, é conxunta e solidariamente comprometida coa do seu equipo.

### CODIGO ANTIDOPAXE

Toda-las persoas participantes deben cumprir en todo momento coa normativa da Asociación Española de Protección de la Salud en el Deporte e o Código de Antidopaxe da Federación Internacional de Motociclismo, sendo susceptibles de ser sancionadas conforme as súas disposicións.

## **XENERALIDADES**

### **06.1 XENERALIDADES**

O Enduro é unha proba a velocidade media imposta, que transcorre total ou parcialmente por sendeiros, camiños, pistas fechadas á circulación normal. No itinerario inclúiranse varias probas de clasificación, é dicir, probas organizadas en tramos fechados ao tráfico normal, e cuxo conxunto xeralmente é determinante para o establecemento da clasificación xeral do Enduro.

### **06.2 PERECORRIDO**

O percorrido debe ser practicable baixo calquera condición meteorolóxica, para unha motocicleta de la clase 1, grupo A1. O percorrido do rally debe ser marcado en terreos acotados, en ningún caso poden transcorrer por estradas, pistas ou camiños abertos a circulación.

### **06.3 PUBLICACIÓN DO REGULAMENTO PARTICULAR (R.P.)**

O Regulamento Particular debe conter toda-las cuestións descritas no Formulario Tipo para o Regulamento Particular da Copa.

### **06.4 CONTROL (Título IV del Código Deportivo)**

Un Xurado velará para que o Código Deportivo e o Regulamento Particular sexan respectados durante a competición. O Xurado examinará e resolverá toda-las reclamacións que se presenten durante a Competición. O Xurado confirmará igualmente os resultados.

### **06.5 TROFEOS**

Cada Competición está recompensada con Trofeos aos 3 Primeiros Clasificados en cada unha das Categorías convocadas.

### **06.6 CLASIFICACIÓN**

Toda clasificación está baseada no tempo obtido. O piloto co menor tempo será el Gañador da sua categoría.

### **06.7 PARADA ANTICIPADA DA MANIFESTACIÓN.**

Se a Competición é interrompida polo Xurado, non poderá ser recomezada.

Se a Competición é interrompida antes de que a maioría dos pilotos completaran polo menos a metade da distancia total, a competición declárase nula e invalidada; se é interrompida despois de que a maioría dos pilotos completaran a metade da distancia total, o Xurado decidirá se é nula e invalidada, ou declarará os resultados e premios que considere xustificadas segundo as circunstancias.

## **INSCRICIONS**

### **06.8 LICENCIAS DOS PILOTOS E DOS SEUS MOCHILEIROS**

Poderán puntuar nesta Copa, os pilotos que estean en posesión para o ano en curso, da Licenza galega ou homologada anual ou Licenza dunha soa competición.

### **06.9 NÚMERO DE INSCRICIÓN**

A Organización ten o dereito de fixar un límite máximo no número de inscricións, deberá estar indicado no RP e aprobado pola FGM.

De haber un límite as condicións para conseguir unha praza deben estar reguladas no RP.

Cualquera competición pode ser anulada se o número de inscricións recibidas é insuficiente. O organizador debe reflexar este punto no RP, indicando o número mínimo para a sua celebración.

### **06.10 DATA FECHAS DAS INSCRICIONS**

O feche das inscricións tenrá lugar, como mínimo, 5 días antes da data da Competición.

No momento de realizar as inscricións na zona privada no caso de ir acompañado de mochileiro debe indicarse nome e dni en observacións.

De non poder asistir a unha competición na que estás inscrito deberás comunicalo á FGM ata O Venres anterior ao da celebración da competición. A comunicación deberá efectuarse por escrito mediante correo-e a: [info@fgmoto.org](mailto:info@fgmoto.org)

Esta comunicación da dereito á devolución do importe da inscrición, sempre que estea debidamente xustificada.

## **06.11 CATEGORÍAS Y ESPECIFICACIONES DE LAS**

### **MOTOCICLETAS**

#### **1ª.- E50cc**

Reservada a Pilotos desde os 6 anos ata que cumbran 12 anos no

presente ano, con motocicletas de 50cc

#### **2ª.- E65cc**

Reservada a Pilotos desde os 8 anos ata que cumbran 12 anos no presente ano, con motocicletas de 65cc 2 tempos, con cambio de velocidades e carburador libre.

O tamaño máximo das llantas será de 14 pulgadas da roda traseira e 17 pulgadas da roda dianteira, a distancia máxima entre eixos das rodas será 1.180 mm +/- 20 mm.

#### **3ª.- E85cc**

Reservada a Pilotos desde os 10 anos ata que cumbran 14 anos no presente ano, con motocicletas de 70cc a 85cc 2 tempos.

A distancia máxima entre eixos das rodas será 1.325 mm +/- 20 mm

#### **4ª.- E Open**

Reservada a Pilotos desde os 12 anos ata que cumbran 16 anos na presente tempada, con motocicletas cunha cilindrada mínima de 110cc. 2 tempos, ata unha cilindrada máxima de 125cc. 2 tempos.

Nesta categoría será obrigatorio o neumático posterior ecolóxico homologado segundo o regulamento técnico FIM Anexo 01 "enduro".

#### **4ª.- FEMENINO**

Reservada a Pilotos Feminas desde os 8 anos ata que cumbran 16 anos na presente tempada, con motocicletas desde 65cc 2 tempos, ata motocicletas de 125cc 2 tempos e 150cc 4 tempos.

En toda-las categorías, serán admitidas única e exclusivamente motocicletas de tipo motocross e enduro, non se admitirán las motocicletas tipo Pit Bike, Mini-Cross ou similares.

Os pilotos poderán ir acompañados no Rally por mochileiros en moto (con licenza). Estas motos levarán o mesmo dorsal ca moto que acompañan e deberán pasar as verificacións técnicas.

Toda acción sancionable dun acompañante, pai ou titor, dentro ou fuera da proba será aplicada ao seu piloto.

Por seguridade, será obrigatorio a instalación dun botón de pare no manillar da motocicleta.

A primeira pasada pola crono debe ser de recoñecemento. Non computará para o resultado final de tempos.

## **06.13 ÓRGANOS INTRÍNSECOS DA MOTOCICLETA**

### **06.13.1**

Durante as Verificacións Técnicas preliminares, as pezas mencionadas ao pé serán marcadas co número do participante, segundo a descrición seguinte, co fin de asegurar a súa identificación. As pezas así marcadas deben ser utilizadas durante toda a competición, e deben estar no seu lugar no momento da verificación final, sexan ou non esenciais para o funcionamento da motocicleta. A substitución de elementos orixinais, ou a transgresión destas regras, está totalmente prohibida. A sanción pola violación destas prescricións é a Exclusión.:

Chasis (Sec. principal)	Pintura 1 (Cabezal dirección parte dereita)
Neumáticos	Pintura 1 ( Solo Posterior en Categoría 125cc 2T)
Buxes	Pintura 1 (ambos)

A marcaxe está limitada a estas partes.

### **06.13.4**

O piloto asinará a Ficha de Verificación, certificando que os elementos foron correctamente marcados.

O piloto está autorizado a cambiar as partes da súa motocicleta que non foron marcadas, pero só pode recibilas pezas de reposto en todo-los Controis Horarios entre bandeira branca e amarela. As pezas reemplazadas poden deixarse na zona onde foron feitas as reparacións.

Toda violación desta regra será considerada como unha infracción ao Art. 06.24 e comportará a Exclusión.

### **06.13.6**

Autorízase ao acompañante do piloto, durante todo o evento, a axudar só e exclusivamente ao seu piloto. Isto inclúe a reparación da motocicleta e a axuda ao piloto en caso de caída ou onde non pode pasar algunha zona conflictiva no percorrido.

Para o resto de membros do equipo, acompañantes, etc., os pilotos poden aceptar ferramentas só nos controis horarios, coa excepción de calquera tipo de equipo de soldadura. O piloto está autorizado a recibir calquera tipo de axuda exterior, pero só nos controis horarios. Cualquera violación do Art. 06.13.6 será considerada como infracción e o piloto afectado será excluído (ver Art. 06.20.5).

### **06.13.7**

O combustible autorizado ten que estar de acordo coa normativa vixente FIM/RFME

### **06.13.8**

Os guiadores deben estar equipados cunha protección na barra transversal. Os guiadores sen esta barra, eberán colocala no centro do mesmo.

### **06.13.9**

O piñón de ataque das motocicletas deberá estar provisto dun protector para impedir que el piloto introduza os dedos no interior.

### **06.13.10**

Todas as motocicletas no momento de entrar a parque fechado deben estar equipadas co sistema de suxección, pata de cabra, caballete ou triángulo.

## **06.14 CONTROL DAS MOTOCICLETAS DURANTE A MANIFESTACIÓN**

A organización pode verificar, en cada Control Horario, Control de Paso o Saída de Proba Especial, unha ou varias pezas marcadas de cada motocicleta. Se falta unha marca ou se existe algunha dúbida, o oficial responsable dete Control Horario marcará a parte afectada cunha cor distinta e, no Control Final daa xornada, o Director de Carreira examinará a máquina e expoñerá un informe ao xurado sobre as medidas tomadas.

## **06.15 SUSTITUCIÓN DE MOTOCICLETAS**

Despois da data de feche das inscricións, calquera cambio na marca debe comunicarse nas Verificacións Administrativas.

## **ORGANIZACIÓN XERAL**

### **06.16 PARQUES**

#### **CERRADOS 06.16.1**

Cada Competición estará organizada baixo rexime de Parque Fechado, significa que, ademais do tempo en ruta e o tempo ocupado cada día antes de la saída, segundo o previsto no Art. 06.20 as motocicletas permanecerán depositadas no mesmo.

#### **06.16.2**

O Parque Fechado deberá estar delimitado e fechado ao fin de prohibir a entrada a toda persoa non autorizada. A zona deberá estar claramente delimitada e vixiada por un número suficiente de Oficiais, para asegurarse que ningunha persoa non autorizada poda penetrar nel ou ter acceso ás máquinas. A entrada e saída do Parque Fechado deben estar claramente indicadas.

Os Oficiais encargados do control do Parque Fechado deberán levar un distintivo coñecido por todos os interesados e polos pilotos en particular.

#### **06.16.3**

O acceso ao Parque Fechado está estrictamente prohibido, a excepción dos membros do Xurado, el Director de Carreira, dos Oficiais especialmente designados, e dos pilotos para a entrada saída das súas motocicletas. Despois de fichar o seu Carnet de ruta no último Control Horario antes de entrar no Parque fechado, o piloto deberá, sen demora, parar o motor e empuxar a súa motocicleta ata o interior do Parque Fechado.

Durante o traxecto entre o Control Horario e o Parque Fechado, está prohibido efectuar reparacións na motocicleta. Os pilotos que non cumpran con calquera destas normas, serán excluídos.

#### **06.16.4**

No interior do Parque Fechado, e baixo pena de exclusión da Competición, o piloto ten prohibido:

- Tocar a motocicleta de calquera outro piloto.
- Tocar a súa propia motocicleta, salvo para empuxala dentro ou fora do recinto.
- Poñer o motor en marcha.

#### **06.16.6**

As motocicletas colocadas no Parque Fechado deberán permanecer ao aire libre sen ningún tipo de cobertura.

### **06.17 ZONA DE SAIDA**

Esta zona se compone de:

#### **06.17.1**

Un Parque Fechado, que é unha zona delimitada na que o acceso está perfectamente controlado polos Oficiais. O acceso é únicamente autorizado segundo as disposicións previstas no Art. 06.16.3. Esta zona deberá ter unha entrada e unha saída para a Zona de Espera, sen ningunha outra entrada ou saída.


#### **06.17.2**

Unha Zona de Saída, perfectamente delimitada, donde os pilotos esperarán o Sinal de Saída e no fin da mesma encontrase a liña de saída.

Non está permitido traballar na motocicleta na Zona de Saída ata que se deu o sinal de saída. A penalización por esta infracción é a Exclusión.



## PLAN DA ORGANIZACIÓN DO PARQUE FECHADO E A ZONA DE SAIDA



### 06.17.3

As motocicletas dos pilotos permanecerán no Parque FEchado, a partir do momento fixado no Regulamento Particular ata a saída da primeira etapa diaria, e a partir do final da etapa ata a Saída do día seguinte. O acceso ao Parque Fechado está definido no Art. 06.16.3.

### 06.17.4

Só os membros do Xurado, Acompañantes acreditados e Oficiais designados no Regulamento Particular poden ter acceso á Zona de Espera.

### 06.17.5

Permitese prestar axuda na Zona de Espera.

### 06.17.6

**NON** está permitido poñer en marcha o motor da motocicleta na Zona de Espera e antes do sinal de saída.

### 06.17.7

O acceso á Zona de Saída só está autorizado ás persoas mencionadas no Art. 06.16.

## 06.18 ORDEN DE SAÍDA

“Para a primeira”

Por orden de dorsal a razón de dous pilotos por minuto.

“Para o resto de carreiras”

Por orden da clasificación provisional da Copa, a razón de dous pilotos por minuto.

Os pilotos que non teñan puntos na Copa saldrán por orden de dorsal.

El orden de salida de las categorías será el siguiente:

- 1º Open
- 2º 85 cc.
- 3º 65 cc.
- 4º 50 cc.

### 06.19 PREPARACIÓN PARA A SAIDA

Antes da Competición, os pilotos poderán entrar no Parque Fechado, 5 minutos antes da hora prevista para a súa Saída, co único fin de desprazar a súa motocicleta situandoa na Zona de Espera. No Parque Fechado non poderá ser realizado ningún traballo na motocicleta, baixo pena de Exclusión.

## 06.20 SAIDA

### 06.20.1

Ao comenzo de cada etapa diaria, os pilotos recibirán o sinal de Saída á hora exacta que está prevista para cada un deles. Durante o minuto que segue ó sinal de Saída, o piloto debe cruzar, baixo a impulsión do motor, a liña de 20 metros despois da Liña de Saída.

O acompañante poderá axudar ao seu piloto a poñer en marcha a motocicleta.

#### **06.20.2**

Se un piloto non está na Líña de Saída cando se da o sinal para sair, non será penalizado, baixo condición que leve a súa motocicleta á Líña de Saída, de poñela en marcha ou de cruzar a segunda líña dentro do minuto que segue ao momento no que se deu o sinal de saída. Os pilotos que cheguen con retraso á Líña de Saída, serán penalizados cun minuto (1) por cada minuto enteiro de retraso. O minuto no que os pilotos cheguen á Líña de Saída será considerado como novo tempo de saída e antes de que este minuto transcorra, eles deberán realizar o procedemento de saída estipulado no Art. 06.20.1.

Os pilotos que cheguen con mais de 30 minutos de retraso serán excluídos e non poderán tomar a saída.

#### **06.20.3**

Todas as motocicletas deben ser postas en marcha xa sexa co pedal de arranque ou calquera outro dispositivo eléctrico ou mecánico. Esta manobra exclúe a rotación da roda motriz. Se o motor para antes ca motocicleta cruce a segunda líña, deberá volver a poñela en marcha e pasar esta segunda líña dentro do minuto que segue ó sinal de saída para non ser penalizado. Un piloto que non cruce a líña dos 20 metros neste minuto que segue o sinal de saída, será penalizado con 10 segundos.

#### **06.20.4**

Un piloto que foi penalizado por non cruzar a líña dos 20 metros no minuto acordado co motor en marcha, ou que éste pare entre a Líña de Saída e a Líña dos 20 m., non debe regresar á Zona de Saída, senon que está obrigado a empuxar a súa motocicleta na dirección do percorrido e atravesar a Líña dos 20 metros co fin de non molestar aos outros pilotos, podendo poñer o motor en marcha de la maneira que él considere, pero realizando esta operación despois da Líña dos 20 m.

#### **06.20.5**

Un piloto pendente da resolución dos comisarios para tomar a saída, no caso que decida tomar a saída poderá facelo, salvo que os comisarios impidan esa saída por razóns de seguridade. O piloto perde o seu dereito a tomar a saída só despois da confirmación da súa Exclusión polo Xurado.

### **06.21 REPOSTAR**

#### **06.21.1**

Non se concede ningún tempo suplementario para os traballos de repostaxe, que deben facerse durante o tempo do percorrido. A normativa referente ao carburante e repostaxe está establecida nos regulamentos Técnicos, Anexo 01 "Enduro" da FIM.

#### **06.21.2**

A repostaxe só poderá efectuarse nos postos oficiais de repostaxe indicados polos organizadores e en todos os postos de Control Horario nos que estea permitido, entre bandeira branca e a bandeira amarela.

A repostaxe está prohibida entre a bandeira amarela e a mesa do posto de control.

A penalización por repostar fora das zonas designadas é a Exclusión.

#### **06.21.3**

Non pode ser transportado ningún carburante, senón é nun depósito ou recipiente que se encontre de maneira permanente na motocicleta, baixo pena de Exclusión.

#### **06.21.4**

Está autorizado nas zonas de repostaxe realizar traballos de reparación na motocicleta.

#### **06.21.5**

Durante a repostaxe, o motor debe estar parado e o piloto debe baixar da motocicleta. Non respectar esta disposición comporta unha penalización de 10 minutos.

#### **06.22 PROHIBICIÓN DE RECORRER A UNHA FORZA MOTRIZ EXTERIOR**

Durante toda a duración da Competición, unha motocicleta non debe ser desprazada de outra maneira que, poa acción de seu motor, o esforzo muscular do piloto ou pola acción dunha forza natural, baixo pena de Exclusión.

#### **06.23 AXUDA EXTERIOR**

Está autorizada calquera axuda exterior, recibida baixo calquera circunstancia.

#### **06.25 ABANDONO**

Cualquera piloto que retirado da Competición, está obrigado a comunicalo á organización, entregando o carnet de ruta a algún oficial da mesma. Non cumprir esta norma suporá unha multa de 60 €. Neste caso, deberá borrar ou sacar as placas porta números e non continuar o itinerario en compañía doutro piloto.

#### **06.26 SEÑALIZACIÓN**

##### **06.26.1**

O itinerario oficial, que está prohibido abandonar baixo ningún concepto, estará indicado e sinalizado. As distancias oficiais deben ser consideradas como exactas.

É responsabilidade do piloto e acompañante seguir este itinerario, o feito de extraviarse non será aceptado como excusa no caso de retraso ou faltarlle un Control Horario ou un Control de Paso. Está prohibido, antes da carreira, adestrar o itinerario desde o momento no que estea sinalizado; o piloto que infrinxa a norma do adestramento do percorrido, será penalizado cun minuto na primeira ocasión e coa exclusión na segunda. Durante a carreira, está prohibido deixar o itinerario ou realizalo en sentido inverso; os pilotos que non cumpran esta normativa serán excluídos.

##### **06.26.2**

Nas zonas onde os pilotos deben seguir un percorrido ben definido (prado, terreno accidentado, sendeiros, etc.) os organizadores deberán sinalizar claramente e con precisión esas pasaxes.

##### **06.26.3**

As mostras das Sinais ou indicacións empregadas para sinalizar o percorrido deberán estar expostas na Zona de Saída.

#### **06.27 CÓDIGO DE CIRCULACIÓN**

Os acompañantes deberán cumprir o Código de Circulación en vigor nos pasos por estradas, vías públicas e nas localidades atravesadas durante la competición.

Todo piloto ou acompañante que sexa recoñecido culpable de algunha infracción ao Código, pode ser excluído.

#### **06.28 SEGURO (Responsabilidad Civil)**

A FGM facilitará a o Clube Organizador o seguro de Responsabilidade Civil, según normativa (RD 7/2001).

Todos os participantes, (en Vías Públicas) deberán ter en vigor o permiso de conducción e toda a documentación da súa motocicleta.

#### **06.29 SECCIONS IMPRACTICABLES**

Se durante o percorrido o Director de Carreira constata que unha sección é impracticable ou que as súas condicións son infranqueables sen axuda exterior (ver Art. 06.23), éste poderá eliminar da Competición toda a Sección afectada ata o próximo Control Horario, e efectuar un reaxuste dos puntos en consecuencia. Esta decisión será ratificada polo Xurado.

## **FUNCIONAMIENTO E CONTROL**

### **06.30 CONTROIS HORARIOS**

Os controis horarios estarán emprazados:

#### **06.30.1**

Na Zona de Saída, ao comezo de cada etapa diaria.

#### **06.30.2**

Na entrada do Parque fechado, ao final de cada etapa diaria.

#### **06.30.3**

E nos puntos intermedios escollidos polos Organizadores. A súa localización, así como o tempo previsto para facelo percorrido entre estos puntos, estará indicado na información facilitada polo Organizador. As distancias estarán calculadas e medidas con exactitude en kilómetros. A distancia entre 2 Controis Horarios non debe superar os 15 Km. Ni ser inferior a 5 Km. O número máximo de Controis Horarios será de 2 por volta sen contar coa chegada e a saída se a carreira é cun enlace. Por motivos de seguridade, poderán prepararse Controis Horarios nos que non estea permitida a asistencia e nos que as bandeiras brancas serán substituídas por bandeiras brancas cunha cruz negra.

#### **06.30.4**

Nos puntos escollidos polo Clube organizador, xunto ás Probas Cronometradas.

#### **06.30.5**

A velocidade media, entre os diferentes Controis Horarios, non debe exceder dos 30 Km./h. dependendo do estado do terreo e as condicións meteorolóxicas.

#### **06.30.6**

No caso de forza maior (exemplo: empeoramento das condicións meteorolóxicas), o Director de Carreira pode cambiar o promedio previsto a un promedio mais lento, inmediatamente antes da saída ou antes de cada volta. Estos promedios deberán figurar no Carnet de Ruta.

### **06.31 CRONOMETRAXE**

A toma de tempos en todos os Controis Horarios efectuarase en minutos. O instrumento de cronometraxe utilizado estará conforme ás prescricions do Art. 062.52 do Regulamento FIM de Enduro, e deberá funcionar baixo a vixilancia dun Cronometrador oficial designado pola FGM.

### **06.32 CARNET DE RUTA E FICHA DE CONTROLES DE PASO**

#### **06.32.1**

O Carné de Ruta entregárase aos pilotos ou acompañantes á entrada ao Parque Fechado, a Ficha de Controis de Paso, serán colocadas na motocicleta durante as Verificacións Técnicas. Os pilotos ou acompañantes serán responsables de que os seus Carnés de Ruta e Fichas de Controis de Paso, estean marcados en todos os Controis Horarios e Controis de Paso respectivamente.

Os Carnés de Ruta indicarán o tempo asignado para cada Control Horario.

#### **06.32.2**

Cualquera piloto que non marque seu Carné de Ruta nun Control Horario u que, coa finalidade de enganar aos organizadores, modifique ou carimbe unha marca no e Carnet de Ruta ou utilice deliberadamente o Carné doutro piloto, será excluído da proba.

#### **06.32.3**

Calquera piloto que perda accidentalmente o seu Carné de Ruta ou Ficha de Control de Paso, debe obter outro solicitándolo no próximo Control Horario ou Control de Paso. Esta nova ficha debe ser utilizada a partir de este punto de control e en todos os seguintes.

A perda do Carné de Ruta significará unha penalización de 10 segundos.

#### **06.32.4**

Cualquera piloto que non pase por un Control Horario ou Control de Paso será Excluído.

#### **06.32.5**

Os pilotos están obrigados a deterse en todos os Controis Horarios e de Paso, facer fichar a súa tarxeta e seguir as instrucións do Comisario, supondo a exclusión o incumprimento desta norma.

#### **06.33 SINALIZACIÓN DOS CONTROIS HORARIOS**

Os Controis Horarios estarán sinalizados cunha Bandeira Branca colocada 200 m. antes da mesa de Control e cunha Bandeira Amarela 20 m. antes da mesa de Control. Estas bandeiras colocaranse de tal maneira que sexan, en todo momento, claramente visibles polos pilotos.

#### **06.34 DISPOSICIONES NOS CONTROIS HORARIOS**

##### **06.34.1**

Un reloxo sincronizado co aparato de cronometraxe do posto de control, que só pode ser considerado como informativo, estará colocado xunto á Bandeira Amarela, o paso da cal marcará a hora de entrada no Control. O piloto, despois de pasar a Bandeira Amarela coa súa motocicleta, deberá presentar inmediatamente seu Carné de ruta na mesa de control ou cando un Oficial o solicite. Os pilotos non están autorizados a pararse entre a Bandeira Amarela e a mesa de control. Calquera piloto pode pasar o Control Horario final á entrada do Parque Fechado antes da hora prevista sen penalización. En cada Control Horario, os organizadores deben ter unha lista de control na que se registrarán por orde cronolóxico os números dos pilotos que pasen, así como seus tempos en horas e minutos. As listas de paso preimpresas están prohibidas.

#### **06.36 CALCULO DE PENALIZACIONES NOS CONTROIS HORARIOS**

Cada sección entre dous Controis Horarios constitúe en sí, unha proba. Os pilotos que non respeten o tempo asignado entre dous Controis serán penalizados cun minuto por minuto que sobrepase o tempo previsto, en función da hora marcada.

**HORA MARCADA = HORA DE SAIDA PARA O PRÓXIMO CONTROL HORARIO**

#### **06.37 LIMITE DE RETRASO**

Un piloto que chegue a un Control Horario con máis de 30 minutos de retraso respecto a súa hora inicial de saída prevista para a xornada, incluíndo o tempo previsto para realizar os Controis Horarios anteriores, é automaticamente excluído. O piloto pode, baixo a súa propia responsabilidade, continuar a carreira ata que o Director de Carreira tome a decisión final.

#### **06.38 SOLICITUDES DE TOLERANCIAS ESPECIAIS**

Se un piloto pode demostrar ao Xurado que se retrasou como consecuencia de circunstancias excepcionais alleas a súa vontade, como por exemplo un retraso causado por prestar primeiros auxilios a un ferido en caso dun accidente grave, será concedida unha tolerancia de tempo suplementaria. O pretexto de ter sido entorpecido por outro participante non pode ser aceptado como una excusa válida.

#### **06.39 CONTROL DURANTE O PERCORRIDO**

Ademais da obriga de marcar o seu Carné de Ruta en todos os Controis Horarios, o piloto debe facer marcar a súa tira de paso en todos os Controis de Paso durante o percorrido. Estes últimos, estarán sinalados por Bandeiras Azuis colocadas a cada lado do itinerario, 200 metros antes do lugar oo posto de control.

A cada Control de Paso, a Organización debe ter unha lista de Control indicando a orde de todos os pilotos.

Cualquera piloto que non presente un Carné de ruta ou Ficha de Controis de Paso (tarxetas perforadas colocadas no guiador) completos ou aqueles cuxo paso non estea rexistrado en cada lista de control serán excluídos.

#### **06.40 PROBAS ESPECIAIS.**

##### **06.40.1**

Constará como máximo de dúas probas especiais cronometradas, unha delas terá 2,5

km. O lugar e a lonxitude destes test deben ser publicados polo menos 24 horas antes do comezo. Estas Probas Especiais (que poden ser a mesma cada volta), sobre un percorrido de 3 a 5 Km de lonxitude, nen demasiado difícil nen demasiado perigoso, estará especialmente marcado para este test. Nas curvas e en todos os emprazamentos perigosos debe estar prevista unha zona de seguridade dunha anchura mínima dun metro, no interior estará prohibido o acceso do público. Están prohibidos os adestramentos no percorrido preparado para estes test. Calquera adestramento comportará a Exclusión.

O piloto debe cruzar a liña de chegada sen pararse e continuar o itinerario do percorrido en dirección ao Control Horario seguinte. O percorrido debe ser elexido de tal maneira que a velocidade media non supere os 30 Km./h.

#### **06.40.2**

A saída darase a partir dunha liña coa motocicleta parada e o motor en marcha.

A chegada farase sen pararse e o piloto, despois de cruzada a liña de chegada, seguirá o percorrido ata o próximo Control Horario.

Estos test non serán en ningún caso probas segredas. Os pilotos terán a posibilidade de recoñecer o percorrido antes, a pé ou na primeira volta.

Se por razón de seguridade o Xurado considera que a proba especial non pode ser cronometrada na primeira volta isto será comunicado na saída.

#### **06.40.3**

A clasificación dos pilotos para estas probas especiais e as diferentes categorías serán calculadas sobre a base dos tempos realizados.

#### **06.41                   CONTROIS HORARIOS NOS TEST ESPECIAIS**

A saída dunha proba especial, deberá estar o mais cerca posible da liña dun Control Horario. A saída dun test especial debe estar sinalizada por un cartel "Saída" e o final do test por un cartel "Chegada". Por outro lado, o percorrido debe estar senalizado conforme al Art. 06.26.2.

Un oficial nomeado a tal efecto, dará o sinal de saída. O piloto, despois de franquear a liña de chegada, debe continuar o percorrido sen pararse. O tempo realizado polo piloto para efectuar o test especial será rexistrado no momento no que franquee a liña de chegada.

#### **06.43                   VERIFICACIÓN FINAL**

Na Verificación Final ou nos 30 minutos que seguen a esta Verificación, poden ser verificados un ou varios motores de motocicletas que finalizaron a competición. Se despois de verificar a cilindrada dun motor sobrepasa o máximo autorizado ou calquera outro dato non corresponde ao declarado na verificación preliminar, o piloto da máquina en cuestión será excluído. Os traballos necesarios para estas comprobacións son responsabilidade do piloto, que poderá delegar noutra persoa. Desde o momento no que se informa ao piloto de que debe desmontar algunha parte da motocicleta, dispoñe de media hora para iniciar os traballos. De sobrepasar esta media hora, o piloto será excluído.

#### **06.44                   LISTA DE PENALIZACIONES**

##### **06.44.2               Tempo**

- |          |   |
|----------|---|
| 06.20    | Non atravesar a liña dos 20 metros dentro do minuto que segue ao sinal de saída: 10 Segundos.             |
| 06.20.2  | Por cada minuto de retraso na liña de saída: 1 minuto.  |
| 06.32.3  | Perder o carné de Ruta ou presentalo en mal estado: 10 segundos.  |
| 06.33    | Chegada con adelanto ao Control Horario: por cada minuto cumprido: 1 minuto.                              |
| 06.36    | Chegada con retraso ao Control Horario: por cada minuto cumprido: 1 minuto. Pruebas especiales 1/100 seg. |
| 06.4.3   | Exclusión (a criterio del xurado qué poderá penalizar con tempo ou Exclusión)                             |
| 06.12    | Non asistencia al Pódium: Perda de puntos para a Copa.  |
| 06.13/14 | Falta de marca de verificación ou falta de marca de reverificación. Exclusión.                            |
| 06.16    | Posta en marcha do motor no interior do Parque Fechado. Exclusión.  |

06.16.3	Penetrar no Parque Fechado co motor en marcha. Repostar ou efectuar reparacions no traxecto entre o Control Horario Final e o Parque Fechado.
06.16.5/17.2	Fumar no Parque Fechado ou na Zona de Espera, o acompañante.
06.16/19	Conducir contrariamente ao Código Deportivo no Parque Fechado.
06.17.7.1.1.1	Chegar con mais de 30 minutos de retraso á liña de Saída.
06.21.2/3	Repostaxe fora de las zonas oficiais ou transporte de carburante noutros recipientes que non sexan no depósito de gasolina.
06.21.6	Non parar o motor durante a repostaxe.
06.22	Utilización dunha impulsión non autorizada.
06.26	Abandonar o itinerario, recorrello en sentido contrario e non respectar o percorrido indicado.
06.26.1	1ª Infracción á norma do adestramento percorrido: 1 minuto. 2ª Infracción á norma do adestramento percorrido: EXCLUSIÓN.
06.27	Violación das normas do Código de Circulación.
06.32	Modificación dun Carné de Ruta ou Ficha de Control de Paso, ou utilización de un Carné de Ruta de outro piloto.
06.32.4	Omitir un Control Horario ou un Control de Paso.
06.32.5	Non detenerse nun Control Horario ou de Paso, ou non seguir as instrucións do Comisario.
06.37	Chegar a un Control Horario mais de 30 minutos despois da súa hora inicial de saída.
06.40	Non pasar un Control de Paso.
06.41	Adestrar o percorrido das probas especiais.
06.43	Cilindrada superior ao máximo autorizado ou calquera outro dato que non corresponda ao declarado na verificación preliminar. Non iniciar os traballos durante a media hora despois de notificarse que debe desmontar algunha parte da motocicleta.

Ou outra sanción definida no Regulamento de Disciplina Deportiva Art. 111 y Art. 112.

## **REGULAMENTACIÓN XERAL**

### **06.45 ACEPTACIÓN DAS DECISIÓNS OFICIAIS**

Calquera piloto e acompañante, está obrigado a aceptar todos os resultados, medidas, distancia e decisións oficiais, e autoriza así mesmo aos organizadores para publicalos da forma que eles xulguen máis apropiada. O piloto accede igualmente a que toda publicidade que el faga vinculada á competición ou que sexa feita no seu nome estea conforme coa verdade, sexa precisa e que non se preste a equívocos. O piloto comprométese igualmente a non facer ningunha publicidade concernente aos resultados antes da publicación oficial da clasificación polos organizadores, e en caso de modificacións que afecten á clasificación como consecuencia de reclamacións ou por calquera outra razón, el non fará aparecer máis que a clasificación ou os resultados así modificados.

### **06.46 SOLICITUDES DE ACLARACIÓNS**

Toda solicitude de aclaración con respecto aos resultados dunha das etapas diarias debe ser dirixida por escrito ao Director de Carrera dentro dos límites de tempo prescritos nos Art. 06.47.1, 06.47.2 e 06.47.3.

### **06.47 RECLAMACIÓNS**

Toda reclamación debe ser formulada por escrito e acompañada da fianza estipulada pola FGM. Cada reclamación debe ser remitida ao Director de Carrera de modo que el pódala pasar ao Xurado para xulgala. As reclamacións deben ser presentadas nos prazos seguintes:

#### **06.47.1**

30 minutos despois da chegada ao Parque Pechado do último piloto de cada clase, se a reclamación concerne a unha motocicleta ou a un piloto

#### **06.47.3**

Unha hora despois da recepción da resposta por escrito do Director de Carrera a unha demanda que lle fora dirixida conforme ao Art. 06.46. Non pode facerse ningunha reclamación contra unha decisión do Xurado; con todo, en certos casos, pode formularse unha apelación tal como está previsto no Código Deportivo da RFME

## **06.48 MULTAS E FIANZAS DAS RECLAMACIONES**

O Club organizador terá unha conta de todas as multas e fianzas das reclamacións que reciba, e enviará a conta e o importe cobrado das mesmas á FGM unha vez finalizada a Competición.

## **06.49 COMPOSICIÓN DO XURADO. INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO**

A interpretación do presente Regulamento e do Regulamento Particular é competencia do Xurado, quen ten igualmente o poder de resolver calquera outra cuestión non prevista neste Regulamento.

### **06.49.1 Xurado. Composición.**

En todas as Competicións, o Xurado debe compoñerse, como mínimo, dun Presidente e de dous Comisarios Deportivos. O Presidente do Xurado será nomeado pola FGM, os outros dous membros do Xurado serán nomeados polo Club organizador.

### **06.49.2 O Presidente do Xurado**

O Presidente do Xurado ou árbitro poderá ser nomeado pola FGM. En caso de igualdade dos votos emitidos polos membros do Xurado, o voto do seu Presidente será dirimente. O Presidente do Xurado poderá convocar reunións abertas de Xurado, ás que poderán asistir, sen dereito a voto, as seguintes persoas: • O Director de Carrera. • O Comisario Técnico. • O Cronometrador. • O Delegado da FGM (no caso de que non sexa o Presidente do Xurado). • Todas aquelas persoas que sexan requiridas por parte do Presidente do Xurado.

### **06.49.3 O Director da Competición**

É nomeado polo Club organizador e debe posuír titulación e Licenza de Director de Competición.

## **06.50 PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS**

Os resultados diarios completos deben ser publicados o máis rapidamente posible. Con todo, se isto presenta certas dificultades, os tempos e os puntos atribuídos cada día deben ser publicados antes da reunión da tarde do Xurado, e os resultados do día precedente deben ser comunicados aos pilotos antes de que tomen a saída do segundo día.



## REGULAMENTO FGM COPA GALEGA DE ENDURO INFANTIL 2023

FGM Copa Galega de Enduro Infantil 50cc-65cc-85cc-open

A [FGM](#) Copa Galega de [Enduro](#) Infantil, celebrarase durante este ano e será disputada nas Competicións e datas que se sinalan no Calendario Deportivo Motociclista 2023. Poderán participar na mesma os pilotos coas Licenzas que se mencionan, desenvolveranse conforme as seguintes Normas e estarán dotados dos Trofeos e Premios que se indican.

### 1 REGULAMENTOS

Os Regulamentos Particulares de todas as Competicións puntuables para esta Copa deberán ser enviados cun mes de antelación, como mínimo, á súa data de celebración, para a súa regulamentaria aprobación pola [FGM](#). Toda Competición cuxo Regulamento Particular non se reciba dentro deste prazo, será considerada como suspendida.

### 2 INSCRIPCIÓNS

O prazo de admisión de inscricións para as competicións puntuables para esta Copa, pecharase 3 días antes da celebración da Competición. Fora de prazo levn recargo. Os dereitos de inscrición serán fixados pola Asemblea Xeral da [FGM](#) e publicados na súa páxina web. Calquera competición pode ser anulada se o número de inscricións recibidas é insuficiente. As inscricións, así como o pago das mesmas, deberán realizarse por medio da páxina web da [FGM](#). No momento de realizar a inscrición na web da [FGM](#), no campo de observacións, os participantes deberán escribir o nome, apelidos e DNI do acompañante/mochileiro. Para puntuar no CGEI os participantes deben estar inscritos en tempo e forma na web [FGM](#).

### 3 LICENZAS

Poderán puntuar nesta Copa, os pilotos que estean en posesión para o ano en curso, de Licenza Galega ou homologada anual ou Licenza galega dunha soa competición. Os pilotos con licenza homologada doutras rexións poderán participar pero non puntuar na CGEI.

### 4 MOTOCICLETAS e CILINDRADAS

Poderán tomar parte en esta Copa as motocicletas que cumpran as normas de seguridade.

#### Verificación técnica das motocicletas

Serán verificados rigurosamente os elementos seguintes:

- ✓ Números regulamentarios.

Serán precintados os elementos seguintes:

- ✓ Bastidor.

### 5 CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS

As carreiras puntuables para a [FGM](#) Copa Gaelga de Enduro Infantil celebraranse cun mínimo de 2 voltas, para todas as categorías. O posible cambio a esta norma, deberá ser solicitado á [FGM](#) cun mes de antelación á celebración da proba.

### 6 ENTREGA DE PREMIOS

Celebrarase no lugar designado pola Organización tras a finalización do evento. É obrigatoria a asistencia a esta cerimonia. A ausencia será sancionada e conleva a perda do trofeo e puntos da CGEI. Entregaranse premios aos tres primeiros clasificados en cada Categoría. As entregas de premios serán supervisadas por un representante da [FGM](#), en particular no relativo ás preferencias. Non está autorizado aos pilotos subir ao [pódium](#) da entrega de premios acompañado. (nenos pequenos, outras persoas, mascotas, etc...)

### 7 HORARIOS

Serán anunciados polo organizador no programa oficial da proba.

### 8 CAMPIONATO DE PILOTOS

Por Competición a seguinte puntuación por cada día:

25 puntos al 1º	7 puntos al 9º
20 puntos al 2º	6 puntos al 10º
16 puntos al 3º	5 puntos al 11º
13 puntos al 4º	4 puntos al 12º
11 puntos al 5º	3 puntos al 13º
10 puntos al 6º	2 puntos al 14º
9 puntos al 7º	1 puntos al 15º
8 puntos al 8º	

Os casos de empate resolveranse a favor do que obtivese maior número de primeiros postos, de subsistir o empate, a favor do que obtivese maior número de segundos postos; de subsistir o empate, a favor do que obtivese maior número de terceiros postos, e así sucesivamente, e de persistir o empate. Se subsistise o empate, o título será adjudicado ao piloto que obtivese a mellor clasificación no último día de Competición puntuable celebrada. En caso de ex aequo co mesmo número de puntos, as posicións finais decidiranse sobre a base dos mellores resultados nas carreiras nos que os pilotos obtivesen puntuación (número de primeiros postos, número de segundo postos, etc.). No caso de subsistir o ex aequo terase en conta a mellor posición do último resultado. As Medallas e Diplomas para a Copa Galega Infantil, outorgados pola FGM serán as seguintes:

Categorías	1º Clasificado	2º Clasificado	3º Clasificado
65cc	Medalla y Diploma	Diploma	Diploma
85cc	Medalla y Diploma	Diploma	Diploma
50cc	Medalla y Diploma	Diploma	Diploma
Open	Medalla y Diploma	Diploma	Diploma

Para que calquera categoría teña validez, a efectos da Clasificación Xeral, deberán celebrarse e ser válidas a efectos de puntuación, un mínimo da metade das competicións puntuables convocadas. Para que unha categoría teña validez nunha competición, a efectos da Clasificación Xeral, un mínimo de 4 pilotos deberá tomar a saída no evento, exceptuando a categoría de Mulleres. Se non se chega a ese mínimo, non se outorgará ningún punto nese evento para esa categoría. No caso de que, nunha categoría non se chegue ao mínimo de pilotos participantes nas dúas primeiras probas da Copa, esa categoría quedará desconvocada para o resto do ano.

**9 OBRIGACIÓNS XERAIS** Prohíbese recortar, tapar ou modificar as placas de número entregadas pola Organización, antes ou durante o transcurso da proba. Non será admitida a saída daquelas motocicletas que incumpran esta norma.

**10 INTERPRETACIÓN DO REGULAMENTO** En caso de dúbida na interpretación do presente Regulamento, ou ante calquera caso non previsto, este será estudado polo Xurado da Competición, o cal ten unicamente poder de decisión.

**11 RECLAMACIÓNS** Media hora, como máximo, despois da publicación dos resultados oficiais, poderán formularse por escrito as reclamacións ao Director de Competición ou aos Comisarios Deportivos (Xurado), acompañando a cada reclamación un depósito de 300 €, e facendo constar en cada unha o nome do reclamante, o número de Licenza, o número de Saída e o motivo da reclamación. Cada reclamación haberá de referirse a un só caso e deberá ser formulada con carácter individual polo interesado. As reclamacións técnicas irán acompañadas dun depósito de 800 € para as motocicletas de 4 tempos ou de 600 € para as de 2 tempos. Se a motocicleta recoñecida é conforme, a cantidade de 500 € para as motocicletas de 4 tempos ou de 300 € para os 2 tempos, será destinada ao pago dos gastos ocasionados ao equipo reclamado. No caso de estimarse como correcta a reclamación por parte do Xurado, o total do depósito será devolta ao reclamante. Se a peza dunha motocicleta verificada resultase irregular e/o tras a decisión do Xurado subsistise algunha dúbida sobre a mesma, deberá ser retida e precintada e/o marcada polos Comisarios Técnicos en presenza do piloto ou persoa autorizada por leste, a peza identificarase mediante unha etiqueta asinada polo Comisario Técnico e o piloto ou persoa autorizada por leste. En caso de reclamación técnica ou se por causa do resultado dunha verificación técnica, no momento en que o Xurado notifique oficialmente por escrito o acordo tomado, comunicará así mesmo se existe obrigación de notificar ao Xurado a intención de presentar recurso de apelación contra a súa decisión (só no caso en que a peza en litixio deba ser precintada). Nese caso, dispoñeráse de 30 minutos a partir do momento da notificación oficial para poder presentar recurso de apelación, nese caso deberase entregar un depósito de 800 € e presentar no prazo de 2

días hábiles, ante a FGM escrito de recurso correspondente. A/s peza/s motivo de litixio será/n precintada/s segundo o expresado anteriormente e enviada/s ao Comité de Disciplina e Apelación. A/s peza/s retida/s será/n devoltas ao peche dos procedementos de reclamación ou apelación. Reclamación sobre carburantes Toda solicitude de control de carburante por unha reclamación, deberá ir acompañada dun depósito de 1.300 € efectuado ao Director de Competición ou aos Comisarios Deportivos (Xurado). Se a análise de carburantes dá a razón ao reclamante, o total do depósito será devolto ao reclamante e o reclamado terá que pagar os gastos de todos os controis efectuados. No caso de que a análise de carburante da razón ao reclamado, a parte perdedora deberá pagar os gastos de todos os controis efectuados, deducindo destes gastos o importe de 1.000 € que corresponde ao importe do depósito efectuado unha vez deducido o importe da reclamación. A sanción para aplicar polo uso de combustible non autorizado será a DESCLASIFICACION. Nota: Para máis información, ver Regulamento de Carburantes.

**11.1 RECURSO DE APELACION** De acordo con o establecido no Regulamento Deportivo da FGM. no seu artigo 119, todo concursante, piloto, calquera que sexa a súa nacionalidade, poderá recorrer contra as penalizacións impostas ou as decisións adoptadas pola Dirección de Carrera, #ante o Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FGM. Todo recurso deberá ser formulado por escrito, asinado polo interesado e acompañado dun depósito de 800 €. O dereito de recurso expira aos dous días, despois da data de comunicación da resolución. No caso de recursos de apelación sobre temas técnicos o prazo e forma de presentar o recurso será o expresado no artigo anterior. Non se poderá efectuarse ningunha apelación, contra as decisións da Dirección de Carrera despois dunha constatación de feitos, por impoñer ou non, unha sanción.